

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**18598** *Real decreto 1710/2011, do 18 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

A Directiva 2004/38/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa ao dereito dos cidadáns da Unión e dos membros das súas familias a circular e residir libremente no territorio dos Estados membros, pola que se modifica o Regulamento (CEE) n.º 1612/68 e se derrogan as directivas 64/221/CEE, 68/360/CEE, 72/194/CEE, 73/148/CEE, 75/34/CEE, 75/35/CEE, 90/364/CEE, 90/365/CEE e 93/96/CEE, regula o dereito de entrada e saída do territorio dun Estado membro, o dereito de residencia dos cidadáns da Unión e dos membros das súas familias, e os trámites administrativos que deben realizar ante as autoridades dos Estados membros. Así mesmo, regula o dereito de residencia permanente e, finalmente, establece limitacións aos dereitos de entrada e residencia por razóns de orde pública, seguridade pública ou saúde pública.

A aprobación da citada Directiva 2004/38/CE, do 29 de abril de 2004, fixo necesario proceder a incorporar o seu contido ao ordenamento xurídico español, mediante o Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

O Real decreto 240/2007 regula as condicións para o exercicio dos dereitos de entrada e saída, libre circulación, estadía, residencia, residencia de carácter permanente e traballo en España por parte dos cidadáns doutros Estados membros da Unión Europea e dos restantes Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, así como as limitacións aos dereitos anteriores por razóns de orde pública, seguridade pública ou saúde pública.

No entanto, a experiencia práctica na aplicación do Real decreto 240/2007 evidenciou a necesidade de proceder á modificación dalgúns dos seus artigos co fin de reforzar a conexión da súa interpretación co contido da Directiva 2004/38/CE a través destes, así como cos criterios establecidos polo Tribunal Supremo na súa sentenza do 1 de xuño de 2010, pola que se anulan diversos puntos de artigos do Real decreto 240/2007.

Para os ditos efectos, mediante este real decreto, procédese á modificación dos artigos 8.4, 9.4, 15.2 e 18.2 do Real decreto 240/2007, así como á adición dun novo punto 5 no artigo 9 e dun novo punto 4 no artigo 14.

O presente real decreto foi sometido a trámite de audiencia e sobre el emitiron informe o Foro para a Integración Social dos Inmigrantes e a Comisión Interministerial de Estranxeiría.

Na súa virtude, por proposta dos titulares dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do Interior e de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

O Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o punto 4 do artigo 8, que queda redactado como segue:

«4. A expedición da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión deberase realizar no prazo dos tres meses seguintes á presentación da solicitude. A resolución favorable terá efectos retroactivos e a situación de residencia entenderase vixente desde a data acreditada de entrada en España sendo familiar de cidadán da Unión.»

Dous. Modifícase o punto 4 do artigo 9, que queda redactado como segue:

«No caso de nulidade do vínculo matrimonial, divorcio ou cancelación da inscrición como parella rexistrada, dun nacional dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, cun nacional dun Estado que non o sexa, este terá obriga de lles comunicar a dita circunstancia ás autoridades competentes. Para conservar o dereito de residencia, deberase acreditar un dos seguintes supostos:

a) Duración de ao menos tres anos do matrimonio ou situación de parella rexistrada, ata o inicio do procedemento xudicial de nulidade do matrimonio, divorcio ou da cancelación da inscrición como parella rexistrada, dos cales se deberá acreditar que ao menos un dos anos transcorreu en España.

b) Outorgamento, por mutuo acordo ou decisión xudicial, da custodia dos fillos do cidadán comunitario, ao ex cónxuxe ou ex parella rexistrada que non sexa cidadán dun Estado membro da Unión Europea nin dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

c) Existencia de circunstancias especialmente difíciles como:

1.º Ter sido vítima de violencia de xénero durante o matrimonio ou a situación de parella rexistrada, circunstancia que se considerará acreditada de maneira provisional cando exista unha orde de protección ao seu favor ou informe do Ministerio Fiscal en que se indique a existencia de indicios de violencia de xénero, e con carácter definitivo cando se ditase resolución xudicial da cal se deduza que se produciron as circunstancias alegadas.

2.º Ter sido sometido a trata de seres humanos polo seu cónxuxe ou parella durante o matrimonio ou a situación de parella rexistrada, circunstancia que se considerará acreditada de maneira provisional cando exista un proceso xudicial en que o cónxuxe ou parella teña a condición de imputado e o seu familiar a de posible vítima, e con carácter definitivo cando se ditase resolución xudicial da cal se deduza que se produciron as circunstancias alegadas.

d) Resolución xudicial ou mutuo acordo entre as partes que determine o dereito de visita, ao fillo menor, do ex cónxuxe ou ex parella rexistrada que non sexa cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, cando o menor resida en España e a dita resolución ou acordo se encontre vixente.»

Tres. Engádense un novo punto 5 ao artigo 9, coa seguinte redacción:

«5. Cando as autoridades competentes consideren que existen dúbidas razoables en canto ao cumprimento das condicións establecidas nos artigos 8 e 9,

poderán levar a cabo comprobacións co obxecto de verificar se se cumpren estas. As ditas comprobacións non terán en ningún caso carácter sistemático.»

Catro. Engádesse un novo punto 4 ao artigo 14, coa seguinte redacción:

«4. Sen prexuízo da obriga dos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e dos restantes Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo así como dos seus familiares de solicitar e obter o certificado de rexistro ou a tarxeta de residencia e as súas correspondentes renovacións, estes poderán acreditar ser beneficiarios do réxime comunitario previsto no presente real decreto por calquera medio de proba admitido en dereito.»

Cinco. Modifícase o punto 2 do artigo 15, que queda redactado como segue:

«2. Aquelas persoas que fosen obxecto dunha decisión de prohibición de entrada en España poderán presentar unha solicitude de levantamento desta nun prazo razoable que será determinado pola autoridade competente en función das circunstancias concorrentes e que constará na resolución pola que se determine a prohibición de entrada. A solicitude de levantamento da prohibición de entrada realizarase con alegación dos motivos que demostren un cambio material das circunstancias que xustificaron a prohibición de entrada en España. En todo caso, a dita solicitude poderá ser presentada transcorridos tres anos desde a execución da decisión de prohibición de entrada en España.

A autoridade competente que resolveu a prohibición de entrada deberá resolver a dita solicitude nun prazo máximo de tres meses a partir da súa presentación.

Durante o tempo en que a dita solicitude é examinada, o afectado non poderá entrar en España.»

Seis. Modifícase o punto 2 do artigo 18, que queda redactado como segue:

«2. As resolucións de expulsión deberán ser motivadas, con información acerca dos recursos que se poidan interpor contra elas, do prazo para facelo e da autoridade ante a cal se deben formalizar, así como, cando proceda, do prazo concedido para abandonar o territorio español.

As resolucións de expulsión establecerán un prazo para abandonar o territorio español, que soamente poderá ser caso de excepción nos supostos en que conorra algunha das circunstancias mencionadas no artigo 17.1.

Excepto en casos urxentes, debidamente xustificados, o dito prazo non poderá ser inferior a un mes a partir da data de notificación. En todo caso, a decisión adoptada sobre a duración do prazo non poderá supor impedimento para o control da resolución de expulsión en vía administrativa e/ou xudicial.»

#### **Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.2.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre inmigración.

#### **Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO